

TARDE DE CINE

CURSO	Todos os niveis
OBXECTIVOS	❖ Desenvolver a destreza de ler documentos de distintas clases buscando neles informacións concretas. ❖ Aprender a extraer, seleccionar e organizar información.
CONTIDOS	Selección e organización de datos concretos procedentes de distintos tipos de textos.
TEMPORALIZACIÓN	1 sesión
MATERIAIS	Xornais en papel ou dixitais. Mapas.
COMPETENCIAS BÁSICAS	Competencia en comunicación lingüística. Tratamento da información e competencia dixital. Competencia cultural e artística. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. Competencia para aprender a aprender. Autonomía e iniciativa persoal.
SECUENCIACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE:	A actividade pódese levar a cabo en todos os niveis educativos se imos dificultando progresivamente as tarefas de busca de información para niveles superiores.

PRIMEIRO OU SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA:

Entregámoslles aos nenos e nenas un xornal en papel para cada dous ou tres e pedímoslles que busquen nel en que cine e a que hora poden ir ver a película que eles escollan.

Para desenvolver esta tarefa terán que buscar a páxina coa información das salas de cine e, unha vez localizada, buscar a súa localidade. Despois terán que decidir que película prefiren ir ver (se non se poñen de acordo, terán que convencer aos compañeiros/as porque só poderán escoller unha película por grupo ou parella). Por último, terán que comunicar ao resto da clase en qué cine e a qué hora botan a película escollida.

TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA:

Entrégamoslles un xornal de papel para cada dous ou tres e explicámoslles que teñen que organizar unha tarde de cine completada con outra actividade cultural.

Deste xeito, ademais de facer o mesmo que os nenos e nenas do primeiro ciclo de primaria, terán que buscar outra páxina máis, á da Axenda Cultural, e buscar na súa localidade algún acto (teatro, galería, concerto...) que se poida compatibilizar coa saída ao cine, co que terán que estar especialmente pendentes dos horarios para comprobar que lles dá tempo a realizar as dúas actividades na mesma tarde.

PRIMEIRO CICLO DE ESO:

Entregámoslles un xornal de papel para cada dous ou tres e pedímoslles que organicen unha tarde de cine completada con outra actividade cultural pero noutra cidade distinta da súa.

Nesta ocasión, non só terán que realizar as mesmas actividades que os nenos e nenas de primaria, senón que deberán consultar horarios de autobús ou tren para chegar ao seu destino. Tamén terán que acudir a mapas (de papel ou en Internet se a dotación da aula o permite) para comprobar se as distancias (terminal do medio de transporte escollido / cine / actividade cultural) se poden percorrer no tempo calculado por eles. Se é posible tamén sería interesante que calculasen o diñeiro que precisan para realizar a actividade.